# 5 - NIVEL AVANZADO C1

## 5.1.Descrición do nivel.

O alumnado que supere o **Nivel C1** poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e dun repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e transmitir matices de significados

## 5.2.Obxectivos xerais.

**Comprender,** independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

**Producir e coproducir** con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

**Comprender** a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles

**Producir e coproducir** textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibillidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

## 5.3.Obxectivos específicos.

### 5.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

- **O alumnado serà capaz de Comprender** información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.
- **O alumnado será capaz de Comprender,** independentemente da canle, a información específica em declaracións, mensaxes, anúncios, e avisos detallados, ainda que poidan ter mala ou baixa calidade ou um son distorsionado.
- **O alumnado serà capaz de Comprender** con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen
- **O alumnado serà capaz de Comprender** os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.
- **O alumnado serà capaz de Comprender**..conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.
- **O alumnado serà capaz de Comprender** sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

### 5.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- **O alumnado serà capaz de facer** declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.
- **O alumnado serà capaz de realizar** presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.
- **O alumnado serà capaz de participar** nunha entrevista, como persoa entrevistadora ou persona entrevistada, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.
- **O alumnado serà capaz de participar** en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

### 5.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos.

- **Comprender O alumnado serà capaz de comprender** instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle

sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

- **O alumnado serà capaz de comprender** alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).
- **O alumnado serà capaz de comprender** a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.
- **O alumnado serà capaz de comprender** artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- **O alumnado serà capaz de comprender** en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.
- **O alumnado serà capaz de comprender** en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.
- **O alumnado serà capaz de Seguir** textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

### 5.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

- **O alumnado serà capaz de tomar** notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.
- **O alumnado serà capaz de redactar** informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
- **O alumnado serà capaz de escribir** correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.
- **O alumnado serà capaz de Escribir** informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

### 5.3.5. Actividades de mediación.

- **O alumnado serà capaz de mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.
- **O alumnado serà capaz de Adaptar** sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

- **O alumnado serà capaz de Levar** a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.
- **O alumnado serà capaz de Recoñecer** significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

## 5.4. Competencias e contidos.

### 5.4.1. Socioculturais e sociolingüísticos.

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos.
Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas.
Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas:

- os servizos públicos,
- as condicións de vida,
- as relacións persoais,
- as convencións sociais,
- os valores e crenzas.

### 5.4.2. Estratéxicos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo.
Estes contidos son válidos para o nível C1, incluindo os cursos de C1.1- C1.2. e adaptaranse á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades da lingua.

**A. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo.
Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- **Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- **Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, , aplicacións móbiles, ferramentas en liña…).
- **Regular e autoavaliar** o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- **Utilizar** todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- **Repetir**, recoñecer e **usar** modelos de lingua etc.

- **Relacionar** a información nova con coñecementos previos.
- **Deducir** e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- **Resumir** para comprender e producir textos orais ou escritos.

**B. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Activar e procurar** coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- **Informarse**, se hai axudas visuais etc.
- **Identificar** o tipo de texto para adaptarse á audiencia..
- **Tomar** conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- **Establecer** hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade…) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías…).
- **Restablecer** e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta…).
- **Reformular** hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- **Asegurar** a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- **Solicitar** repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- **Recoñecer** as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

### 5.4.3. Funcionais.

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan a continuación adáptanse ás caractereísticas propias do italiano, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades da lingua.

**Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura:**

- Expresar acordo e desacordo
- Expresar descoñecemento
- Expresar dúbida e escepticismo
- Expresar unha opinión
- Formular unha hipótese
- Supoñer
- Predicir...

**Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión:**

- Expresar a intención
- A vontade e a decisión de facer ou non facer algo
- Ofrecer axuda
- Ofrecer axuda
- Prometer e retractarse...

**Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade dar unha instrución:**

- Ofrecer consello
- Advertir
- Dar instrucións
- Dar ou negar permiso
- Previr a alguén en contra de algo ou de alguén
- Prohibir
- Recomendar
- Lembrarlle algo a alguén
- Restrinxir e suplicar..

**Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para:**

- expresar actitudes con respecto aos/ás demais
- establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional con respecto aos/ás demais
- aceptar ou declinar unha invitación
- compadecerse
- expresar condolencia
- facer cumprimentos
- interesarse por alguén ou por algo
- Participar adecuadamente en diferentes tipos de situacións sociais.
- pedir desculpas e rexeitar...

**Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións:**

- Expresar admiración
- Ledicia
- Aprecio
- Simpatía
- (Des)confianza
- (Des)aprobación
- Decepción
- (Des)interese
- Resignación
- Temor
- Exculpar
- Lamentar
- reprochar

**5.4.4. Discursivos.**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona adaptarase á organización de cada nivel, (C.1.1. – C.1.2.), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:**

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas:de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- *Podcasts*
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:**

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoien excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

### 5.4.5. Sintácticos.

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, (C1.1 – C1.2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos

**5.4.6. Léxicos.**

Os contidos léxicos que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, (C1.1 e C1.2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

*Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.*

- **Alimentación**: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...
- **Bens e servizos:** inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...
- **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...
- **Compras e actividades comerciais:** actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...
- **Cultura e actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...
- **Economía e industria:** finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...
- **Educación e actividades académicas:** sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...
- **Goberno, política e sociedade:** organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...
- **Identidade persoal:** dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...
- **Información e medios de comunicación:** prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...
- **Lecer e tempo libre:** xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...
- **Relacións persoais e sociais:** relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimizade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...
- **Relixión e filosofía:** correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...

- **Saúde, coidados físicos e atención sanitaria:** estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...
- **Traballo e actividades profesionais:** tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...
- **Viaxes e estancias no estranxeiro:** turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadías no estranxeiro...
- **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...
- **Xeografía, natureza e medio rural:** accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

### 5.4.7. Fonéticos-fonolóxicos e ortotipográficos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, (C1.1-C1.2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.
*Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.*

- A énfase
- A entoación e os cambios de ton
- Os patróns característi
- cos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor…)
- Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas
- Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refráns, poemas...)
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación
- recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas
- As convencións de distribución e organización do texto
- As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común

# SECUENCIACIÓN DO NIVEL AVANZADO C1.1.

## 5.5.Temporalización por unidades

### 5.5.1. Secuenciación do nivel C1.1

Para o curso de C1.1 empregaranse, principalmente, como libro de texto os seguintes métodos comunicativos:

R. Bozzone Costa, M Piantoni, E. Scaramelli, C. Ghezzi, *Nuovo Contatto C1 Livello C1. Corso di lingua e civiltà italiana per stranieri*,Loescher Editore, 2013
(Unidades 1, 2, 7, 9 )

Massei, G., Bellagamba, R., L., *Nuovo Espresso 5, Corso di italiano: Libro dello studente ed esercizi*, Alma Edizioni, Firenze, 2017

(Unidades 1, 2, 4, 5)

Alén do libros de texto indicados, ao longo do curso empregaranse diferentes materiais curriculares: vídeos, textos audio obtidos de diferentes fontes (radiofónicos, cancións...), xogos, textos escritos xornalísticos, literarios, prácticos etc..

A relación de actividades que se especifican a continuación hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo. Así mesmo as actividades de mediación iranse incorporando na practica da aula a medida que os alumnos vaian adquirindo as noción dos temas do curso.

| **SETEMBRO - OUTUBRO** | |
|---|---|
| **Unidade 1 *Quanta italia c'è in te*** **(Unidade 1 N. Espresso 5)** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público (a sociedade italiana e o comportamento), entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen<br>• Produción e coprodución de textos orais: contar un episodio autobiográfico ocorrido no pasado: falar dos puntos fortes e das carencias.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións relacionados co sociedade italiana.<br>• Produción e coprodución de textos escritos: redactar textos claros e ben estruturadas, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada. |
| Actividades | • Actividades de comprensión oral partindo de audios e vídeos relacionados co tema dos estereotipos italianos e da *fortuna* e a *sfortuna* na cultura italiana.<br>• Actividades de produción oral onde o alumando falará e debaterá sobre os esterotipos italianos.<br>• Actividades de comprensión escrita como a lectura de diferentes textos relativos ao tema dos esterotipos italianos.<br>• Actividades de produción escrita: redacción de textos breves, completar e redactar frases, encontrar sinónimos. Actividades de redactacción dun un correo electrónico. |
| Competencias e contidos | • Formación do superlativo dos adxectivos mediante os prefixos *arci-, stra-, super-* e *iper*l.<br>• Os prefixos aumentativos com verbos e advérbios<br>• O futuro "semplice e anteriore" en frases negativas.<br>• O subxuntivo nas frases dislocadas.<br>• Comunicar en un rexistro coloquial. Expresar enfase baseándose no contexto<br>• Expresar rabia e sorpresa. Defender a propia opinión e debatir.<br>• Expoñer e argumentar as propias opinións. Utilizar latinismos de uso común<br>• A imaxe de Italia no extranxeiro. |
| Criterios de avaliación | • Comprende con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público (a sociedade italiana e o comportamento), entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.<br>• Conta un episodio autobiográfico ocorrido no pasado: falar dos puntos fortes e das carencias |

| | |
|---|---|
| | • Comprende, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións relacionados co sociedade italiana.<br>• Redacta textos claros e ben estruturadas, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada |

| **OUTUBRO - NOVEMBRO** | |
|---|---|
| **Unidade 2 *Italia in controluce*<br>(Unidade 1 Nuovo Contatto C1)** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender, identificar e inferir información de reportaxes e noticias de TV o radio TV nos que se fala (rememora) de situacións relacionadas coas diversas etapas da vida e da sociedade. Entender descricións de persoas (físicas, de carácter, de costumes)..<br>• Produción e coprodución de textos orais: presentar e comentar gráficos e datos estatísticos. Contar un episodio ocorrido no pasado e fala dos distinto puntos de vista<br>• Comprensión de textos escritos: comprender, identificar e inferir información xeral e de detalle de textos escritos provenientes de distintas fontes nos que se trata o tema da sociedade italiana e dos seus cambios sociais.<br>• Produción e coprodución de texos escritos: redactar un texto escrito reelaborando datos estatísticos no que se analizan cambios persoais e sociais.<br>• Mediación: Resumir de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento que se trata.Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |
| Actividades | • Actividades de comprensión oral: comprensión xeral e de detalle de textos radiofonicos e da TV sobre os principales aspectos socais italianos, sobre a publicidade, así como de conferencias e entrevistas<br>• Actividades de produción e coprodución oral: pequena exposición sobre as diferentes realidades sociais italianas. Preparación dunha campaña publicitaria<br>• Actividades de comprensión escrita: comprensión xeral e de detalle de artigos xornalisticos sobre os emas da unidade.<br>• Actividades de produción e coprodución escrita: presentación e comentario de graficos estatiísticos e porcentaxes. Recensión e resumo de artigos sobre os temas da unidade.<br>• Redactar diferentes tipoloxias textuais.<br>• Traballar con datos estadísticos e elaborar estadísticas. –<br>• Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente una información lida ou ouvída anteriormente. |
| Competencias e contidos | • Pronomes directos,indirectos, Ci e Ne. Función dos demostrativos *questo/ quello*.<br>• Afondamento do *congiuntivo presente.* Repaso dos tempos do pasado<br>• O Imperfecto narrativo.<br>• O segundo termino da comparación: *di, che, rispetto a.* Os nomes en –*ismo*<br>• Estruturas para introducir datos estatísticos e comentar cifras e datos<br>• Verbos de opinión e pensamento, idiomaticos. Subxuntivo en frases secundarias. A formación de palabras.<br>• Identidade cultural, tradicións, símbolos, crenzas.<br>• Convencións sociais e tabús relativos ao comportamento. Comportamento ritual (celebracións, cerimonias, etc.)<br>• Relacións persoais (estrutura social e relacións entre os seus membros). |

| | |
|---|---|
| | • Vida cotiá (festividades, horarios, etc.)<br>• Valores, crenzas e actitudes<br>• A manía do xogo.<br>• A lingua da publicidade. Expresións metafóricas |
| Criterios de avaliación | • Comprende, identifica e infire información de reportaxes e noticias de TV o radio TV nos que se fala (rememora) de situacións relacionadas coas diversas etapas da vida e da sociedade. Entender descricións de persoas (físicas, de carácter, de costumes)<br>• Presenta e comenta gráficos e datos estatísticos. Conta un episodio ocorrido no pasado e fala dos distinto puntos de vista.<br>• Comprensión de textos escritos: comprende, identifica e infire información xeral e de detalle de textos escritos provenientes de distintas fontes nos que se trata o tema da sociedade italiana e dos seus cambios sociais..<br>• Redacta un texto escrito reelaborando datos estatísticos no que se analizan cambios persoais e sociais.<br>• Resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento tratado.. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |

| **NOVEMBRO - DECEMBRO** | |
|---|---|
| **Unidade 3 La nuova letteratura (Unidade 2 N. Espresso 5)** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender obras de teatro ou espectáculos que poidan conter expresións idiomática. Comprender artigos sobre a historia da literatura italiana.<br>• Produción e coprodución de textos orais: participar en conversacións informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas en relación coa literatura, expresando as propias ideas e opinións con precisión.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.<br>• Produción e coprodución de texos escritos: elaborar un relato breve ou recensións sobre diferentes lecturas.<br>• Mediación: Resumir de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento que se trata.Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |
| Actividades | • Actividades de comprensión oral: comprensión xeral e de detalle de textos partindo de audios e vídeos relacionados coa literatura . (diálogos, entrevistas de autores italianos, biografías.<br>• Actividades de produción e coprodución oral: presentación e intercambio de opinións sobre narrativa contemporánea italiana, os seus autores e obras literarias lidas.<br>• Actividades de comprensión escrita: comprensión xeral e de detalle da lectura de diferentes textos da narrativa italiana (clásica e contemporanea).<br>• Actividades de produción e coprodución escrita: resumo, incipit ou recensión dunha obra lida. Comentario critico expresando as emocións ou preferenzas.<br>• Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente una información lida ou ouvída anteriormente. |
| Competencias e contidos | • A “*frase scissa*” explícita e implícita, interrogativa e temporal. A “*frase pseudoscissa*”.<br>• O uso do pasado no indicativo.<br>• O “*trapassato remoto*”.<br>• A analisi de textos da narrativa contemporánea.<br>• A linguaxe literaria. O léxico referido ao mundo da literatura. |

| | |
|---|---|
| | • Xéneros literarios<br>• Principais autores italianos.<br>• A narrativa actual. |
| Criterios de avaliación | • Comprender obras de teatro ou espectáculos que poidan conter expresións idiomática. Comprende artigos sobre a historia da literatura italiana.<br>• Participa en conversacións informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas en relación coa literatura, expresando as propias ideas e opinións con precisión.<br>• Comprende textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas<br>• Elabora un relato breve ou recensións sobre diferentes lecturas.<br>• Resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento tratado. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |

| **DECEMBRO - XANEIRO** | |
|---|---|
| **Unidade 4 *Voce alle emozioni*<br>(Unidade 7 N. Contatto C1*)*** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre as emocións, os estados de ánimos e o carácter da persoas.<br>• Produción e coprodución de textos orais: facer e responder a unha entrevista de carácter persoal con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión. Falar e debater sobe cuestións coma a amizade, sentimentos, conflictos, emocións.<br>• Comprensión de textos escritos: Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, de carácter xeral, nos que se fala de emocións, psicoloxía e conflictos.<br>• Produción e coprodución de texos escritos: participar nun *blog* ou foro en Internet nos que se fala de emocións, estados de ánimo e psicoloxía.<br>• Mediación: Resumir de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento que se trata.Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |
| Actividades | • Actividades de comprensión oral: comprensión xeral e de detalle de entrevistas, noticias de telexornal, programas radiofónicos, escenas de películas sobre os sentimentos e conflictos familiares.<br>• Actividades de produción e coprodución oral: entrevista de carácter persoal, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso, tratando temas coma a amizade e os conflictos socais e emocionais que afectan os nosos xóvenes.<br>• Actividades de comprensión escrita: comprensión xeral e de detalle de artigos xornalisticos e da unidade sobre os temas das emocións e sentimentos.<br>• Actividades de produción e coprodución escrita: preparación dun artigo nun blog sobre o tema do *bullismo* e os conflictos na escola. Resumo de artigos.<br>• Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente una información lida ou ouvída anteriormente. |
| Competencias e contidos | • A combinación de clíticos co *si* impersoal.<br>• Verbos causativos.<br>• Uso dos pronomes.<br>• O período hipotético do primo, segundo e terceiro tipo.<br>• Verbos pronominales. |

| | |
|---|---|
| | • Uso da forma passiva e os auxiliares.<br>• Expresións idiomáticas: *legarsela al dito.* Expresións coloquiais.<br>• Usos de *metterci/mettersi*<br>• O sinais discursivos: *no?,ecco..*<br>• Conectores para rebater.<br>• Léxico da amizade, sentimentos e estado de ánimo.<br>• Léxico da escola. |
| Criterios de avaliación | • Comprende con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre as emocións, os estados de ánimos e o carácter da persoas.<br>• Fai e responde a unha entrevista de carácter persoal con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión. Fala e debate sobe cuestións coma a amizade, sentimentos, conflictos, emocións.<br>• Comprende, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, de carácter xeral, nos que se fala de emocións, psicoloxía e conflictos.<br>• Participa nun *blog* ou foro en Internet nos que se fala de emocións, estados de ánimo e psicoloxía.<br>• Resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento tratado. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |

| **XANEIRO - FEBREIRO** | |
|---|---|
| **Unidade 5 La grande bellezza (Unidade 4 N. Espresso 5)** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender testos de radio o televisión donde se utilize un léxico específico relativo ao tema das artes.<br>• Produción e coprodución de textos orais: Defender as propias opinións sobre temas de pintura, escultura ou arquitectura utilizando os sinais discursivos de uso máis común.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender artigos sobre a historia da arte en Italia<br>• Produción e coprodución de texos escritos: Expresar por escrito diferentes emocións diante de unha obra de arte, utilizando un léxico específico relativo ao tema das artes<br>• Mediación: Resumir de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento que se trata.Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |
| Actividades | • Actividades de comprensión oral: comprensión xeral e de detalle de audios e vídeos relacionados co tema como diálogos, biografías, fragmentos de programas de televisión ou de cine<br>• Actividades de produción e coprodución oral: intercambio de opinións sobre arte, artistas e a súa importancia en Italia, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso<br>• Actividades de comprensión escrita: comprensión xeral e de detalle partindo da lectura de diferentes textos: biográficos, históricos, mapas temporais, periodos artísticos.<br>• Actividades de produción e coprodución escrita: redacción dun texto sobre unha visita aun museo e as suas emocións. Participación nun blog sobre a importancia do arte<br>• Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente una información lida ou ouvída anteriormente. |
| Competencias e contidos | • Uso do participio presente e pasado<br>• O participio pasado nas subordinadas implícitas<br>• O participio pasado nalgunhas expresións idiomáticas.. |

| | |
|---|---|
| | • O adxetivo "bello".. <br>• Léxico relativo ao mundo da arte: escultura, pintura, museos... <br>• Léxico relativo ás emocións provocadas polas obras de arte. <br>• Cultura e actividades artísticas. As obras italianas emblemáticas. <br>• A linguaxe artística |
| Criterios de avaliación | • Comprende testos de radio o televisión donde se utilize un léxico específico relativo ao tema das artes. <br>• Defende as propias opinións sobre temas de pintura, escultura ou arquitectura utilizando os sinais discursivos de uso máis común. <br>• Comprende artigos sobre a historia da arte en Italia. <br>• Expresa por escrito diferentes emocións diante de unha obra de arte, utilizando un léxico específico relativo ao tema das artes. <br>• Resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento tratado. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |

| **FEBREIRO - MARZO** | |
|---|---|
| **Unidade 6 *Ritratti*** <br>**(Unidade 2 N Contatto C1)** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender e identificar información xeral e detalles de audios divulgativos sobre espectáculos, manifestacións artísticas ou biografias de personaxes. así como películas, ou espectáculos. <br>• Produción e coprodución de textos orais: participar en debates sobre manifestacións artísticas ofrecendo o propio punto de vista. Resumir un espectáculo ou as mocións producidas por unha obra de arte. <br>• Comprensión de textos escritos: comprender e identificar información xeral e detalles de recensións sobre obras de arte ou sobre biografias de artistas. <br>• Produción e coprodución de texos escritos: escribir un comentario critico sobre una obra de arte ou una manifestación artística. Redactar un texto manifestando os propios gustos en temas relacionados coa arte. <br>• Mediación: Resumir de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento que se trata.Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |
| Actividades | • Actividades de comprensión oral: comprensión xeral e de detalle de audios e vídeos sobre biografias de artistas e personaxes italianos relacinados co mundo do arte. Comprensión da descripción dunha obra de arte partendo dunha audioguía. <br>• Actividades de produción e coprodución oral: presentación dun artista italiano, falando da sua obra e da sua vida e carácter. Intercambio de opinións sobre os artistas presentados. <br>• Actividades de comprensión escrita: comprensión xeral e de detalle de textos sobre a vida de artistas italianos e sobre a vida nas provincias. <br>• Actividades de produción e coprodución escrita: redacción da biografía dun personaxe italiano relacionado co mundo da arte. Descripción dunha persoa cercana tocando aspectos importantes da sua personalidade (carácter, intereses...) <br>• Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente una información lida ou ouvída anteriormente. |
| Competencias e contidos | • Usos do condicional. Condicional de distanciamento en noticias da crónica. <br>• adxectivos qualificativos, posición na frase. Adxectivos de cores. <br>• Uso do *pass.remoto*. *Pass. remoto* nas biografias. *Pass remoto* vs *imperfetto* vs *trapassato prossimo*. |

| | |
|---|---|
| | • Concordancia do indicativo. Afondamento das preposicións de lugar. Plural dos nomes en *–cia e-gia.*<br>• Adxectivos para describir as partes do rostro, o caracter das persoas.<br>• Frases idiomaticas.<br>• Léxico do mundo do arte e do espectáculo. |
| Criterios de avaliación | • Comprende e identifica información xeral e detalles de audios divulgativos sobre espectáculos, manifestacións artísticas ou biografias de personaxes. así como películas, ou espectáculos.<br>• Participa en debates sobre manifestacións artísticas ofrecendo o propio punto de vista. Resume un espectáculo ou as mocións producidas por unha obra de arte.<br>• Comprende e identifica información xeral e detalles de recensións sobre obras de arte ou sobre biografias de artistas.<br>• Escribir un comentario critico sobre una obra de arte ou una manifestación artística. Redacta un texto manifestando os propios gustos en temas relacionados coa arte.<br>• Resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento tratado. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |
| **MARZO - ABRIL** | |
| **Unidade 7 *Il Buonmangiare* (Unidade 5 N. Espresso 5)** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender ou identificar información xeral e detalles de conversas sobre necesidades alimentarias e gustos culinarios. Entender ingredientes, cantidades e procesos de elaboración de receitas moi elaboradas.<br>• Produción e coprodución de textos orais: expresar preferencias sobre alimentación. Debater sobre os alimentos, das súas características, da preferencias en materia de elaboración e consumo. Facer presentacións das rexións italianas dende o punto de vistas da gastronomia.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender e identificar información xeral e detalles de testos que tratan o tema alimentación e saúde, asi como de artigos que tratan o tema das novas tendencias en materia de alimentación. Entender o significado de diferentes siglas usadas nas etiquetas dos productos alimenticios.<br>• Produción e coprodución de texos escritos: Escribir un texto critico sobre as novas tendencias alimentarias: *novelle cuisine, slowfood, fast food, streetfood*, km 0. Facer pequenas recensións sobre experiencias gastronómicas.<br>• Mediación: Resumir de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento que se trata.Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |
| Actividades | • Actividades de comprensión oral: comprensión de entrevistas a cociñeiros famosos, programas de receitas de cociña,fragmentos de programas de televisión sobre as novas tendencias na cociña, trastornos alimentarios, cociña dietética, os alimentos.<br>• Actividades de produción e coprodución oral: intercambio de experiencias persoais de vida sa: terapias e tendencias. Intercambio de opinións sobre cociña, alimentos e a tradicións gastronómicas italianas.<br>• Actividades de comprensión escrita: comprension xeral e de detalle de textos que tratan o tema alimentación e saúde, asi como das novas tendencias en materia de alimentación.<br>• Actividades de produción e coprodución escrita: redacción dun articulo gastronómico para un *blog*, dunha receita típica italiana. Comentario critico sobre as novas tendencias culinarias.<br>• Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente una información lida ou ouvída anteriormente. |
| | • Diferencia entre o uso do futuro simple e o condicional composto para expresar a posterioridade. |

| | |
|---|---|
| Competencias e contidos | • O “*congiuntivo imperfetto e trapassato*” rexido dun verbo no condicional composto.<br>• *Bello* e *buono* como intensificadores.<br>• Léxico relacionado co mundo da gastronomía: alimentos, os sabores. a cociña tradicional/ moderna, os alimentos e a saúde.<br>• Cultura gastronómica italiana.<br>• Siglas máis comúns (OGM, DOCG, DOP, IGP...)<br>• Léxico ligado a alimentación: materias primas, técnicas culinarias, etc.<br>• Expresións metáforas e fases feitas relacionadas coa alimentación. |
| Criterios de avaliación | • Comprende ou identifica información xeral e detalles de conversas sobre necesidades alimentarias e gustos culinarios. Entende ingredientes, cantidades e procesos de elaboración de receitas moi elaboradas.<br>• Expresa preferencias sobre alimentación. Debate sobre os alimentos, das súas características, da preferencias en materia de elaboración e consumo. Fai presentacións das rexións italianas dende o punto de vistas da gastronomia.<br>• Comprende e identifica información xeral e detalles de testos que tratan o tema alimentación e saúde, asi como de artigos que tratan o tema das novas tendencias en materia de alimentación. Entender o significado de diferentes siglas usadas nas etiquetas dos productos alimenticios.<br>• Escribe un texto critico sobre as novas tendencias alimentarias: *novelle cuisine, slowfood, fast food, streetfood,* km 0. Facer pequenas recensións sobre experiencias gastronómicas<br>• Resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento tratado. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |

| **MAIO** | |
|---|---|
| **Unidade 8 *Italia mondo*<br>(Unidade 9 N. Contatto C1)** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender identificar e inferir información xeral e detalles noticias ou reportaxes que tratan problemas de relacións persoais o relacións sociais. Comprender documentais ou películas de argumento político social relacionadas con Italia.<br>• Produción e coprodución de textos orais: participar en debates nos que se trata un argumento social, defendendo unha opinión propia e rebaatendo a contraria. Resumir información dun artigo de carácter social. Saber transmitila a outras persoas.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender e identificar información xeral e de detalle en artigos, noticias de prensa que tratan argumentos de carácter social.<br>• Produción e coprodución de texos escritos: redactar un artigo nun blog sobre problematicas sociais.<br>• Mediación: Resumir de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento que se trata.Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |
| Actividades | • Actividades de comprensión oral: comprensión xeral e de detalle de reportaxes, debates ou programas de carácter divulgativo o informativo nos que se denuncian ou tratan argumentos de carácter político e social dende distintos puntos de vista. Tomar notas partendo dunha noticia de telexornal. Comprensión de receitas eétnicas.<br>• Actividades de produción e coprodución oral: debates nos que se trata un argumento social,coma a emigración e a immigración, o razismo, defendendo unha posición e contestando a opción contraria |

| | |
|---|---|
| | • Actividades de comprensión escrita: comprensión xeral e de detalle partendo de artigos, dossiers, informes (con gráficas ou estatísticas) que tratan problemáticas de índole social ou política.. <br>• Actividades de produción e coprodución escrita: colaboración nun blog sobre os problemas da migración e emigración actual. Presentación dun texto escrito sobre a emigración da xente do pais propio. <br>• Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente una información lida ou ouvída anteriormente. |
| Competencias e contidos | • Concordancia dos tempo do subxuntivo (afondamento). <br>• A combinación dun nome con mais dun adxectivo <br>• Substantivos,adxectivos alterados. Derivación: nome- adxectivo. A xustaposición. <br>• Adxectivos co función do nome.. <br>• Posición de focalizadores como: *anche, addiritura, proprio.*. <br>• Os alterados: *-accio,-ino, etto, one*. <br>• Conectivos: *appunto, tra l'altro* <br>• A emigración interna e externa <br>• O racismo e as discriminacións <br>• As ONG,A integración |
| Criterios de avaliación | • Comprende e identifica información xeral e detalles noticias ou reportaxes que tratan problemas de relacións persoais o relacións sociais. Comprende documentais ou películas de argumento político social relacionadas con Italia. <br>• Participa en debates nos que se trata un argumento social, defendendo unha opinión propia e rebaatendo a contraria. Resume información de carácter social. Sabe transmitila a outras persoas <br>• Comprende e identifica información xeral e de detalle en artigos, noticias de prensa que tratan argumentos de carácter social. <br>• Redacta un artigo nun blog sobre problematicas sociais. Redacción dun texto sobre a emigración actual <br>• Resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados al argumento tratado. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as. |

## 5.6. Criterios de avaliación.

### 5.6.1. Actividades de comprensión de textos orais.

- **Comprende** o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.
- **Recoñece**, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.
- **É capaz** de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.
- **Recoñece** expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.
- **Percibe** as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

### 5.6.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

- **Utiliza** o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.
- **Expresa** o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

● **Desenvolve** argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando loxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.
● **Rebate** os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.
● **Exprésase** cun alto grao de corrección de modo consistente.
● **Domina** un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.
● **É quen de** iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as. **Expón** preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.
● **Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
● **Produce** un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).
● **Transmite** de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
● **Varía** a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

**5.6.3. Actividades de comprensión de textos escritos.**

● **Comprende** información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións…, que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.
● **Segue** as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.
● **Distingue** entre feitos**,** opinións, argumentos, sucesos…, e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.
● **Identifica** a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións… É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate..

**5.6.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.**

● **Escribe** textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

● **Redacta** un texto e adáptao á situación requirida.

● **Presenta** ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.

● **Utiliza** estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

● **Utiliza** as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

● **Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

- **Produce** un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos)..
- **Sabe facer** unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).
- **Transmite** de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

### 5.6.5. Actividades de mediación.

- **Fai uso** dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.
- **Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- **Produce** un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).
- **Sabe citar** as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.
- **Transmite** de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
- **Xestiona** con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

## 5.7.Avaliación

O alumnado deberá ser avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación establecidos para cada actividade de lingua para o niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 nos currículos dos idiomas respectivos. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación que corresponda.

### 5.7..Proceso de avaliación do alumnado

Realizaranse tantas avaliacións por curso como se estableza no proxecto educativo da escola, cun mínimo de dúas, coincidindo a última coa proba de certificación.

1. **Avaliación inicial ou de diagnóstico** do alumnado: ao inicio do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico, que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

O grao de dominio acadado nas diferentes actividades de lingua será avaliado mediante os seguintes tipos de proba:

- **Avaliación de progreso**

Avaliación de progreso: o profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orienativo para o alumnado

sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

Terà lugar a finais do mes de maio, en convocatoria ordinaria, e no mes de xuño en convocatoria extraordinaria. Nesta convocatoria extraordinaria o alumnado só terà que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria.

- **Proba de certificación**

As probas de certificación teñen como obxectivo avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado de escolas oficiais de idiomas nas distintas actividades de lingua nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, establecidos nos currículos respectivos.

O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

### 5.7.4.Avaliación de persoas con necesidades especiais

A organización e administración das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a súa duración e as condicións de realización.

## SECUENCIACIÓN DO NIVEL AVANZADO C1.2.

Para o curso de C1.2 empregamos, principalmente, como libros de texto os métodos comunicativos

- Massei G., Bellagamba R., *Nuovo Espresso 5*, *Corso di italiano: Libro dello studente ed esercizi*,Alma Edizioni, Firenze, 2017. (Unidades: 3, 6,9)
- Bozzone costa R., Piantoni M., Scaramelli E., Ghezzi C., *Nuovo Contatto C1*, *Corso di lingua italiana per stranieri*, Loescher, Torino, 2013. (Unidades: 3,4,10)

E como libro de complemento:

- Marin T, Cernigliaro M.A., *Nuovissimo progetto 3*, libro dello studente, Edilingua, 2020

Alén dos temas presentes nas unidades dos libros de texto, traballarase cos temas do curriculum pertinentes ao nivel C1.2. con diferentes materiais: vídeos, textos audio obtidos de diferentes fontes (radio, internet, tv...), xogos, textos escritos xornalísticos, literarios, prácticos etc..

A temporalización das unidades así como a relación das actividades hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores de tempo e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo.

<table>
<tr><th colspan="2">SETTEMBRO – OUTUBRO</th></tr>
<tr><th colspan="2">Unidade 1<br>Avaliación incial<br>(unidade 3, Nuovo Contatto C1) Italiano in movimento</th></tr>
<tr><td>Obxectivos</td><td>• Comprensión de textos orais: comprender entrevistas a lingüistas sobre a evolución da lingua, o nacemento de neoloxismos e a aceptación, uso e permeabilidade aos estranxerismos, así como audios relativos á linguaxe textual, ao uso da linguaxe dos mozos. Comprender a intención comunicativa do emisor da mensaxe máis aló das palabras pronunciadas. Comprender a trama e a xestualidade nun film.<br>• Produción e coprodución de textos orais: realizar presentacións formais sobre algún aspecto da evolución da língua. Participar de xeito fluído nun debate formal acerca do uso dos anglicismos na L1, defendendo os puntos de vista e argumentando as opinións.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender no detalle ou globalmente artigos, entrevistas, etc. nas que se fala de linguaxe e xerga. Comprender textos burocráticos e formais.<br>• Produción e coprodución de texos escritos: escribir cartas formales, textos regolativos. Escribir artigos ou textos argumentativos sobre a linguaxe dos mozos<br>• Mediación: transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidadesdos/as destinatarios/as.</td></tr>
<tr><td>Actividades</td><td>• Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema.<br>• Actividades de comprensión oral: comprensión global e de detalle partindo de entrevistas a lingüistas, de escenas de películas e de cancións en dialecto<br>• Actividades de produción oral: onde o alumno farà una exposición sobre una película na que se toque algún aspectto visto na unidade. Análise dunha escena dunha serie televisiva<br>• Actividades de comprensión escrita: comprensión global e de detalle partindo de textos literarios e linguíticos. Quiz sobre os contidos da unidade.<br>• Actividades de produción escrita: creación da recensión dunha pelicula<br>• Actividades de mediación: ser quen de sintetizar as informacións partindo dun texto oral ou escrito que fala de aspectos relativos a linguaxe. Coller apuntes.</td></tr>
<tr><td>Competencias e contidos</td><td>• Reforzo dos contidos dos cursos anteriores<br>• Verbos do subjuntivo: uso e sintaxis. Reforzo<br>• Os sinales discorsivos do “parlato formale”<br>• As formas implícitas do tempo e causa.<br>• Os sinónimos e as palabras complexas.<br>• A derivación: prefixos e sufisos cultos.<br>• A forma impersonal típica do xénero expositivo, o Si impersonal, pasivo e formas de pasiva e os verbos impersonais.<br>• Os pronomes relativos : chi,chiunque, con función de posesivo.<br>• Lo slang e os dialectos en italia.<br>• Os conectores concesivos.<br>• A forma impersonal típica do xénero expositivo, o Si impersonal, pasivo e formas de pasiva e os verbos impersonais<br>• O texto regolativo.<br>• Sinónimos e palabras complexas, a derivación con prefixos e sufixos cultos.<br>• A linguaxe da administración.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| Criterios de avaliación | • Comprende entrevistas a lingüistas sobre a evolución da lingua, o nacemento de neoloxismos e a aceptación, uso e permeabilidade aos estranxerismos, así como audios relativos á linguaxe textual, ao uso da linguaxe dos mozos. Comprende a intención comunicativa do emisor da mensaxe máis aló das palabras pronunciadas. Comprende a trama e a xestualidade nun film.<br>• Realiza presentacións formais sobre algún aspecto da evolución da língua. Participa de xeito fluído nun debate formal acerca do uso dos anglicismos na L1, defendendo os puntos de vista e argumentando as opinións.<br>• Comprende no detalle ou globalmente artigos, entrevistas, etc. nas que se fala de linguaxe e xerga. Comprende textos burocráticos e formais.<br>• Escribe cartas formales, textos regolativos, artigos ou textos argumentativos sobre a linguaxe dos mozos<br>• Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidadesdos/as destinatarios/as. |

| **NOVEMBRO** | |
|---|---|
| **Unidade 2**<br>**(unidade 4 *Nuovo Contatto C1*) Economia e lavoro** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender con todo detalle, e aínda que poidan ter baixa calidade, textos audios (entrevistas, charlas, debates...) relativos ao traballo e precariedade, cuotas de xénero, *fuga di cervelli, morti bianche*, boom económico, novas profesións.<br>• Produción e coprodución de textos orais: participar de xeito fluído nun debate formal acerca dalgúns aspectos relacionados coa situación actual do emprego en Italia. Realizar presentacións claras e ben estruturadas sobre distintos temas ligados o mundo do traballo. Comparar a situación do emprego en Italia e no País de orixe do alumnado.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender no detalle artigos, entrevistas, etc. nas que se fala de aspectos da situación actual do emprego en Italia e doutros aspectos relacionados co mundo do traballo.<br>• Produción e coprodución de texos escritos**:** escribir artigos, comentos persoais ou textos argumentativos sobre aspectos xerais relacionados cos temas da unidade didáctica. Redactar un esquema ou guión para facer unha presentación na clase.<br>• Mediación: Facer breves resumos escrito e orais de informacións lidas ou ouvidas sobre o tema da unidade (emprego, precariedade, igualdade...). |
| Actividades | • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema.<br>• Actividades de comprensión oral: comprensión global e de detalle partindo de textos orais que falen dos problemas relacionados co traballo, seguirdade laboral…<br>• Actividades de produción oral: onde o alumno farà una exposición sobre o mundo do traballo e condicións laborais partindo dun film.<br>• Actividades de comprensión escrita: comprensión global e de detalle partindo de textos que falen de diferentes tipos de traballo, de contratos e do mondo da economía. Lectura e análise de correspondencia profesional.<br>• Actividades de produción escrita: redacción de correspondencia profesional.<br>• Actividades de mediación: fai breve resumos de informacións lidas ou ouvídas.Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidadesdos/as destinatarios/as. |
| | • Oracións relativas e modais.<br>• As preposicións.<br>• As dislocacións.<br>• O futuro no pasado. |

| | |
|---|---|
| Competencias e contidos | • A partícula pronominal *Ne*: usos<br>• As preposicións *Di, A, DA.*<br>• *raddoppiamento fonosintattico.*<br>• A linguaxe do traballo, os contratos.<br>• A linguaxe da economía.<br>• A linguaxe da universidade.<br>• Espresións idiomáticas con *Ne*<br>• O curriculum vitae. |
| Criterios de avaliación | • Comprende con todo detalle, e aínda que poidan ter baixa calidade, textos audios (entrevistas, charlas, debates...) relativos ao traballo e precariedade, cuotas de xénero, fuga di cervelli, morti bianche, boom económico, novas profesións.<br>• Participa de xeito fluído nun debate formal acerca dalgúns aspectos relacionados coa situación actual do emprego en Italia. Realiza presentacións claras e ben estruturadas sobre distintos temas ligados o mundo do traballo. Compara a situación do emprego en Italia e no País de orixe do alumnado.<br>• Comprende no detalle artigos, entrevistas, etc. nas que se fala de aspectos da situación actual do emprego en Italia e doutros aspectos relacionados co mundo do traballo.<br>• Escribe artigos, comentos persoais ou textos argumentativos sobre aspectos xerais relacionados cos temas da unidade didáctica. Redactar un esquema ou guión para facer unha presentación na clase.<br>• Fai breves resumos escrito e orais de informacións lidas ou ouvidas sobre o tema da unidade (emprego, precariedade, igualdade...). |

| **DECEMBRO** | |
|---|---|
| **Unidade 3<br>(unidade 9 *N.Espresso 5*) Donne d'italia** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender con todo detalle, e globalmente,e aínda que poidan ter baixa calidade, textos audios (entrevistas, charlas, debates...) relativos a situación e o rol da muller en Italia e no mundo.<br>• Produción e coprodución de textos orais: participar de xeito fluído nun debate formal acerca dalgúns aspectos relacionados cos temas da unidade, empregando unha linguaxe clara e precisa, defendendo os puntos de vista e argumentando as opinións.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender no detalle e globalmente artigos, entrevistas, etc. nas que se fala do coidado do corpo: entre saúde e obsesión. Prexuizos sobre as mulleres.<br>• Produción e coprodución de texos escritos**:** escribir artigos sobre aspectos relacionados coa muller e o mundo do traballo. Redactar un esquema ou guión para unha presentación na aula.<br>• Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, artigos etc.) sobre temas ligados o mundo da muller Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións. |
| Actividades | • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema.<br>• Actividades de comprensión oral: comprensión global e de detalle partindo de textos orais que falen dos problemas relacionados coa situación da muller no mundo actual.<br>• Actividades de produción oral: onde o alumno farà una presentación sobre algún dos temas relacionados coa unidade: (grandes mulleres italianas na historia, a situación da muller, etc). |

| | |
|---|---|
| | • Actividades de comprensión escrita: comprensión global e de detalle partindo de textos xornalísticos e gráficos que falen sobre .a situación da muller en Italia, no mundo en diferentes campos.<br>• Actividades de produción escrita: Actividade de escritura sobre algún dos temas tratados na unidade (dificultades na sociedade, prexuizos, o rol da muller..)<br>• Actividades de mediación: fai breve resumos de informacións lidas ou ouvídas.Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidadesdos/as destinatarios/as. |
| Competencias e contidos | • O periodo hipotético con hipóteses de forma implícita<br>• Os conectores: hipotéticos. Afondamento dos conectores<br>• O *Non pleonastico*<br>• O uso dos sinais discursivos<br>• As expresións *Non solo.... ma anche. Non è che... però.*<br>• A muller na sociedade actual. O traballo, a familia.<br>• O rol das mulleres en Italia.<br>• Interpretar datos y gráficos<br>• Léxico ligado ao mundo femenino.<br>• Adxectivos para describir o aspecto físico e os tipos de persoas: empático,ateo...<br>• expresións idiomáticas coas partes do corpo humano.<br>• A ciruxia estética e a muller. |
| Criterios de avaliación | • Comprende con todo detalle, e globalmente,e aínda que poidan ter baixa calidade, textos audios (entrevistas, charlas, debates...) relativos a situación e o rol da muller en Italia e no mundo.<br>• Participa de xeito fluído nun debate formal acerca dalgúns aspectos relacionados cos temas da unidade, empregando unha linguaxe clara e precisa, defendendo os puntos de vista e argumentando as opinións.<br>• Comprende no detalle e globalmente artigos, entrevistas, etc. nas que se fala do coidado do corpo: entre saúde e obsesión. Prexuizos sobre as mulleres.<br>• Escribe artigos sobre aspectos relacionados coa muller e o mundo do traballo. Redacta un esquema ou guión para unha presentación na aula.<br>• Resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, artigos etc.) sobre temas ligados o mundo da muller  Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións. |

| **XANEIRO / FEBREIRO** | |
|---|---|
| **Unidade 4**<br>**(unidade 10 *Nuovo Contatto C1*) Corpo e anima.** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender con todo detalle, e aínda que poidan ter baixa calidade, textos audios (entrevistas, charlas, debates...) relativos a saúde, medicina, terapias alternativas e argumentos relativos a relixións e filosofia.<br>• Produción e coprodución de textos orais: participar de xeito fluído nun debate formal acerca dalgúns aspectos relacionados coa saúde, e as distintas filosofias, empregando unha linguaxe clara e precisa, defendendo os puntos de vista e argumentando as opinións. Realizar presentacións claras e ben estruturadas sobre distintos temas ligados á unidade didáctica.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender no detalle e globalmente artigos, entrevistas, etc. nas que se fala de medicina e terapias alternativas. Comprender textos que falan de correntes filosóficas e/o relixiosas. |

| | |
|---|---|
| | • Produción e coprodución de texos escritos: escribir artigos, ensaios ou textos argumentativos sobre aspectos relacionados coa saúde. Redactar un esquema ou guión para unha presentación na aula. escribir artigos de opinión o xornal.<br>• Mediación: resumir de xeito oral as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados á saúde e á medicina. Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións. |
| Actividades | • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema.<br>• Actividades de comprensión oral: comprensión global e de detalle partindo de textos orais que falen dos problemas relacionados coa saúde, as terapias alternativas e correntes iloóficas.<br>• Actividades de produción oral: onde o alumno farà una presentación sobre algún dos temas relacionados coa unidade (medicina tradicional e as terapias alternativas).<br>• Actividades de comprensión escrita: comprensión global e de detalle partindo de textos que falen de diferentes correntes filosóficas e o sistema sanitario italiano. O sistema saitario actual: puntos fortes e febles.<br>• Actividades de produción escrita: Actividade de escritura sobre as terapias alternativas e / ou saúde.<br>• Actividades de mediación: Tomar notas de vídeos onde se fala de filosofía ou da saúde. |
| Competencias e contidos | • O discurso indirecto.<br>• Os adxectivos para describir.<br>• Os conectores.<br>• A polisemia, a sinonimia, a derivación<br>• A dislocación da frase obxectiva con subjuntivo.<br>• O infinitivo sustantivado.<br>• O subjuntivo independente.<br>• Os comparativos irregulares.<br>• As terapias alternativas á medicina tradicional<br>• A lingua e a relixión: *modi di dire.*<br>• Expresións metafóricas con reir. |
| Criterios de avaliación | • Comprende con todo detalle, e aínda que poidan ter baixa calidade, textos audios (entrevistas, charlas, debates...) relativos a saúde, medicina, terapias alternativas e argumentos relativos a relixións e filosofia.<br>• Participa de xeito fluído nun debate formal acerca dalgúns aspectos relacionados coa saúde, e as distintas filosofias, empregando unha linguaxe clara e precisa, defendendo os puntos de vista e argumentando as opinións. Realiza presentacións claras e ben estruturadas sobre distintos temas ligados á unidade didáctica.<br>• Comprende no detalle e globalmente artigos, entrevistas, etc. nas que se fala de medicina e terapias alternativas. Comprende textos que falan de correntes filosóficas e/o relixiosas.<br>• Escribe artigos, ensaios ou textos argumentativos sobre aspectos relacionados coa saúde. Redacta un esquema ou guión para unha presentación na aula. Escribe artigos de opinión o xornal.<br>• Resume de xeito oral as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados á saúde e á medicina. Adapta sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e mantén unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións. |

| **MARZO** |
|---|
| **Unidade 5**<br>**(unidade 3 *N.Espresso 5*) Con la testa nel pallone** |

| | |
|---|---|
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender con detalle, aínda que presenten baixa calidade ou algunas variantes rexionais, textos audios (entrevistas, charlas, debates...) relativos a algunhas manifestacións deportivas, deportes (tradicionais, novos e extremos) Entender os principais termos específicos do mundo do futbol e do deporte.<br>• Produción e coprodución de textos orais: participar de xeito fluído nun debate formal acerca dalgúns aspectos relacionados cos deportes. Expresar a propia opinión e gustos (sobre o depoorte en xeral e sobre o mundo do futbol), explicando e argumentando o seu punto de vista. Facer unha exposición oral os seus compñeiros sobre o tema da unidade.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender no detalle artigos, entrevistas, etc. nas que se fala dalgunhas manifestacións deportivas da actualidade. Comprender a intención comunicativa do emisor da mensaxe máis aló das palabras pronunciadas, ironía e sarcasmo.<br>• Produción e coprodución de texos escritos**:** escribir artigos, comentarios persoais ou textos argumentativos sobre aspectos xerais relacionados cos tema do deporte. Escribir un post ou participar nun foro sobre este tema.<br>• Mediación: Resumir de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados o deporte.Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidadesdos/as destinatarios/as. |
| Actividades | • Actividades de avaliación inicial nas diferentes destrezas.<br>• Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema.<br>• Actividades de comprensión oral partindo de audios, vídeos, film e cancións relacionados co tema dos deportes. Comprensión global e de detalle de entrevistas a xornalistas deportivos italianos, crónicas deportivas.<br>• Actividades de produción oral onde o alumando falará e debaterá sobre o mundo do deporte e do *calcio* italiano e dos seus propios gustos en ámbito deportivo.<br>• Actividades de comprensión escrita como a lectura de diferentes textos xornalisticos, blog, etc relativos aos deportes e o mundo do futbol en Italia.<br>• Actividades de produción escrita como a redacción de textos argumentativos, comentarios persoais, a participación nun foro falando dos seus intereses e dos seus puntos de vista.<br>• Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente una información lida ou ouvída anteriormente. |
| Competencias e contidos | • A concordancia dos tempos co subxuntivo (anterioridade).<br>• Os verbos defectivos do participio pasado.<br>• A concordancia dos tempos coa oración principal o condicional presente.<br>• A oración implícita coa principal o condicional presente.<br>• Usos rexionais dos verbos essere/stare e avere/tenere.<br>• Expresions impersoais<br>• Termos específicos do deporte (futbol).<br>• A linguaxe do futbol na lingua italiana.<br>• Frases feitas.<br>• Lexico das competicións deportivas.<br>• descrición de eventos deportivos: (mundiais, volta ciclista, olimpiadas..) |
| Criterios de avaliación | • Comprende con detalle, aínda que presenten baixa calidade ou algunas variantes rexionais, textos audios (entrevistas, charlas, debates...) relativos a algunhas |

| | |
|---|---|
| | manifestacións deportivas. Entende os principais termos específicos do mundo do futbol e do deporte.<br>• Participa de xeito fluído nun debate formal acerca dalgúns aspectos relacionados cos deportes. Expresa a propia opinión e gustos (sobre o deporte en xeral e sobre o mundo do futbol), explicando e argumentando o seu punto de vista. Fai unha exposición oral os seus compñeiros sobre o tema da unidade.<br>• Comprende no detalle artigos, entrevistas, etc. nas que se fala dalgunhas manifestacións deportivas da actualidade. Comprende a intención comunicativa do emisor da mensaxe máis aló das palabras pronunciadas, ironía e sarcasmo.<br>• Escribe artigos con comentarios persoais ou textos argumentativos sobre aspectos xerais relacionados cos tema do deporte. Escribe un post ou participa nun foro sobre este tema.<br>• Resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvídas (en entrevistas, debates, etc.) sobre temas ligados o deporte. Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidadesdos/as destinatarios/as. |

| **MARZO** | |
|---|---|
| **Unidade 6**<br>**(unidade 6 *N.Espresso 5*) Parole in musica** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: comprender con detalle, aínda que presenten algunas variantes rexionais (entrevistas, charlas, cancións...) relativos a música (as épocas douradas, o festival de Sanremo, as novas voces),. Entender os principais termos ligados o mundo da música.<br>• Produción e coprodución de textos orais: participar de xeito fluído nun debate informal sobre a música, expresando os seus gustos e preferencias musicais. Facer unha exposición oral os seus compñeiros sobre o tema da unidade.<br>• Comprensión de textos escritos: comprender no detalle cancións, entrevistas, biografías nas que se fala da música italiana e dos cantantes italianos actuais e doutras épocas. Comprender ironía e sarcasmo nas letras das cancións.<br>• Produción e coprodución de texos escritos**:** redactar un esquema ou guión para unha intervención nunha presentación sobre a música italiana. Participar nun foro sobre o tema da unidade. Escribir comentos persoais sobre aspectos xerais relacionados cos temas da unidade didáctica ou sobre aspectos derivados dos temas das cancións.<br>• Mediación: Resumir de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas sobre temas ligados o panorma musical italiano. Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidadesdos/as destinatarios/as. |
| Actividades | • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema.<br>• Actividades de comprensión oral: comprensión global e de detalle partindo de cancións, videoclips, entrevistas ou documentais che falen do paorama musical italiano.<br>• Actividades de produción oral: onde o alumno farà una exposicións sobre un cantautor.O alumno falará e debaterá sobre os seus gustos musicais e sobre programas televisivos musicais.<br>• Actividades de comprensión escrita: comprensión metalinguística partindo de cancións. Actividades de reforzó dos contidos da unidade.<br>• Actividades de produción escrita: creación de textos expositivos sobre a música e o rol desta na vida, tamén sobre temas derivados das cancións<br>• Actividades de mediación: explicar coas propias palabras expresións presentes nas cancions. Actividades para mediar por escrito ou oralmente una información lida ou ouvída anteriormente. |
| | • O *Che polivalente* |

| | |
|---|---|
| Competencias e contidos | • O *che polivalente* de tempo e luogo<br>• Os pronomes relativos dobres *Chi e quanto*.<br>• O periodo hipotético e as suas variantes lingüísticas e estilísticas.<br>• As frases temporais e causais introducidas por *Se.*<br>• A música italiana: os cantautores e a música máis actual dos rapers<br>• Xogos de palabras/expresións idiomáticas.<br>• As palabras homógrafas.<br>• As licenzas poéticas. |
| Criterios de avaliación | • Comprende con detalle, aínda que presenten algunas variantes rexionais (entrevistas, charlas, cancións...) relativos a música (as épocas douradas, o festival de Sanremo, as novas voces),. Entende os principais termos ligados o mundo da música.<br>• Participa de xeito fluído nun debate informal sobre a música, expresando os seus gustos e preferencias musicais. Fai unha exposición oral os seus compñeiros sobre o tema da unidade.<br>• Comprende no detalle cancións, entrevistas, biografías nas que se fala da música italiana e dos cantantes italianos actuais e doutras épocas. Comprende ironía e sarcasmo nas letras das cancións.<br>• Redacta un esquema ou guión para unha intervención nunha presentación sobre a música italiana. Participa nun foro sobre o tema da unidade. Escribe comentos persoais sobre aspectos xerais relacionados cos temas da unidade didáctica ou sobre aspectos derivados dos temas das cancións.<br>• Resume de xeito oral ou escrita as informacións lidas ou ouvídas sobre temas ligados o panorma musical italiano Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidadesdos/as destinatarios/as. |

| **ABRIL** | |
|---|---|
| **Unidades de repaso**<br>**Tecnologia: Cellulari, scienza e inventori** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: Comprender conversacións de certa lonxitude nas que participa, sobre os medios de comunicación. Comprender, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, e películas que poidan conter linguaxe coloquial o expresións idiomáticas.<br>• Produción e coprodución de textos orais:. Realizar presentacións claras e ben estruturadas, sobre os medios de comunicación, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretase defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.<br>• Comprensión de textos escritos: Comprender, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinión.<br>• Produción e coprodución de texos escritos**:** Escribir informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre os medios de comunicación e o cine, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.<br>• Mediación: Recoñecer significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións. |
| Actividades | • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema. |

| | |
|---|---|
| | • Actividades de comprensión oral: compresión oral dunha entrevista sobre o uso do teléfono nos nenos. Escoita de audios e vídeos (noticias, opinións) responder a preguntas do texto, relacionar textos con títulos, etc.Actividades de co<br>• Actividades de produción oral: falar sobre a ciencia e a tecnoloxía; realizar unha presentación sobre unha científica italiana.<br>• Actividades de comprensión escrita: compresión lectora dun texto sobre a comunicación entre os rapaces. Completar texto, etc.<br>• Actividades de produción escrita: escribir unha relación sobre un personaxe famoso. Escribir un artigo de opinión..<br>• Actividades de mediación: actividades de mediación cuxos temas sexan a ciencia e a tecnoloxía. Comentar unha gráfica ou unha estadística. |
| Competencias e contidos | • O uso de magari. -Os alterados e os falsos alterados. -Os nomes en –io. -Conectivos para argumentar.<br>• Medios de comunicación: as redes sociais.<br>• As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común<br>• Científicos italianos. Rita Levi Montalcini e Samantha Cristoforetti. Museos científicos. A fuga de cerebros.<br>• Os nomes con dobre plural. O pasado e o pasado remoto.<br>• Repaso de contidos sintácticos nos que o alumnado amose dificultades.<br>• Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas… |
| Criterios de avaliación | • Comprende conversacións de certa lonxitude nas que participa, sobre os medios de comunicación. Comprende sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, e películas que poidan conter linguaxe coloquial o expresións idiomáticas.<br>• Realiza presentacións claras e ben estruturadas, sobre os medios de comunicación, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretase defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.<br>• Comprende en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinión.<br>• Escribe informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre os medios de comunicación e o cine, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.<br>• Recoñece significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións. |

| MAIO | |
|---|---|
| **Unidades de repaso<br>educazione / ambiente e abitazione** | |
| Obxectivos | • Comprensión de textos orais: Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.<br>• Produción e coprodución de textos orais: Participar en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.<br>• Comprensión de textos escritos: Comprender, en calquera soporte, as ideas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan puntos de vista sobre a escola, a educación, o ambiente e a casa.<br>• Produción e coprodución de texos escritos**:** Escribir correspondencia persoal / formal en calquera soporte incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.<br>• Mediación: Adaptar sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións. |
| Actividades | • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema.<br>• Actividades de comprensión oral: escoita de audios (noticias, opinións) responder a preguntas do texto, relacionar textos con títulos, etc.<br>• Actividades de produción oral: falar sobre a educación, os problemas da educación, o sistema educativo. Falar sobre o ambiente e a vivenda.<br>• Actividades de comprensión escrita: baremar unha afirmación, busca da palabra, completar texto, etc.<br>• Actividades de produción escrita: escribir un artigo de opinión sobre ecoloxía. Escribir correspondencia formal para queixarse ou facer propostas sobre o ambiente. Escribir un texto de opinión sobre a escola.<br>• Actividades de mediación: actividades de mediación cuxos temas sexan a ecoloxía e a vivenda, sobre a escola e a educación. Comentar unha gráfica ou unha estadística. |
| Competencias e contidos | • Conflitos educativos na Italia de hoxe. O sistema universitario italiano.<br>• A figura de Maria Montessori. O homeschooling. A didáctica a distancia.<br>• Os nomes colectivos e as palabras polisémicas.<br>• Educación e actividades académicas.<br>• A economía verde. As vivendas ecosostibles. A economía compartida. Legambiente e outras asociacións de protección ambiental italianas. Problemas ambientais.<br>• A pasiva con andare. Os pronomes relativos co subxuntivo.<br>• problemas ambientais (os delitos ambientais). Vivenda e fogar: a vivenda ecolóxica. |
| Criterios de avaliación | • Comprende con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.<br>• Participa en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Fai un uso emocional ou humorístico do idioma, expresa as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia. |

| | |
|---|---|
| | • Comprende, en calquera soporte, as ideas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan puntos de vista sobre a escola, a educación, o ambiente e a casa.<br>• Escribe correspondencia persoal / formal en calquera soporte incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.<br>• Adapta sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións. |

## 5.6. Criterios de avaliación.

### 5.6.1. Actividades de comprensión de textos orais.

- **Comprende** o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.
- **Recoñece**, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.
- **É capaz** de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.
- **Recoñece** expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.
- **Percibe** as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

### 5.6.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

- **Utiliza** o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.
- **Expresa** o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.
- **Desenvolve** argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando loxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.
- **Rebate** os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.
- **Exprésase** cun alto grao de corrección de modo consistente.
- **Domina** un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.
- **É quen de** iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as. **Expón** preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.
- **Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- **Produce** un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.
- **Transmite** de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.
- **Varía** a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

### 5.6.3. Actividades de comprensión de textos escritos.

- **Comprende** información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións…, que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.
- **Segue** as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.
- **Distingue** entre feitos, opinións, argumentos, sucesos…, e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.
- **Identifica** a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións… É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate..

**5.6.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.**

- **Escribe** textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.
- **Redacta** un texto e adáptao á situación requirida.
- **Presenta** ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.
- **Utiliza** estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.
- **Utiliza** as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.
- **Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- **Produce** un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
- **Sabe facer** unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).
- **Transmite** de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

**5.6.5. Actividades de mediación.**

- **Fai uso** dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.
- **Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- **Produce** un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
- **Sabe citar** as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.
- **Transmite** de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

- **Xestiona** con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

## 5.7 Avaliación e certificación

O alumnado deberá ser avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación establecidos para cada actividade de lingua para os niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 nos currículos dos idiomas respectivos. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación que corresponda.

### 5.7.1 Proceso de avaliación do alumnado

Realizaranse tantas avaliacións por curso como se estableza no proxecto educativo da escola, cun mínimo de dúas, coincidindo a última coa proba de certificación.

1. **Avaliación inicial ou de diagnóstico** do alumnado: ao inicio do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico, que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

O grao de dominio acadado nas diferentes actividades de lingua será avaliado mediante os seguintes tipos de proba:

- **Avaliación de progreso**

Avaliación de progreso: o profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orienativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

- **Proba de certificación**

As probas de certificación teñen como obxectivo avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado de escolas oficiais de idiomas nas distintas actividades de lingua nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, establecidos nos currículos respectivos.
O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.
As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

### 5.7.2 Elaboración, administración e cualificación

As probas de certificación para cada un dos niveis serán elaboradas, administradas e cualificadas de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

As probas de certificación administraranse nas sedes das escolas oficiais de idiomas e, se é o caso, nas súas seccións. Para a correcta administración das probas deberase ter en conta o disposto nas guías de administración de cada un dos niveis, así como nas guías informativas e de especificacións das probas de certificación, que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Con carácter excepcional, e logo de autorización da xefatura territorial correspondente, poderase variar o horario lectivo da escola ou sección naquelas franxas horarias en que a necesidade de espazos e profesorado o fagan necesario para o correcto desenvolvemento das probas.
Tamén as proba de promoción poderánse facer unificadas en franxas horarias según as necesidades da escola.
Para os cursos do nivel avanzado C1 a puntuación total da proba será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.

### 5.7.3 Avaliación de persoas con necesidades especiais

A organización e administración das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a súa duración e as condicións de realización.